



O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra ditou a seguinte **RESOLUCIÓN**:

ASISTENTES

PRESIDENTE

Antonio Crespo Iglesias
(Xefe Territorial)

VOGAIS

Amalia Elsa Pazos Pintos
(Xefa do Servizo de Montes)

Víctor Abelleira Argibay
(Representante do colexio de avogados da provincia)

X. Carlos Morgade Martínez
(Representante das CMVMC de Pontevedra)

VOGAIS REPRESENTANTES DA CMVMC DE PONTELLAS

Francisco Javier Pedreira Pereira
José Arturo Lorenzo Dávila

SECRETARIA

Ana Belén Fernández Dopazo
(Funcionaria adscrita ao Servizo Xurídico Administrativo)

Na cidade de Pontevedra, sendo as 16:30 horas do día 27/02/2020 coa asistencia das persoas á marxe reseñadas, reúnese na 2ª planta do edificio administrativo sito no nº 43 da Avda. María Victoria Moreno o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra co obxecto de decidir, entre outros asuntos, sobre a resolución do expediente de clasificación dos montes denominados "**Torreiro e outros**", solicitados a favor dos veciños da CMVMC de Pontellas, da parroquia de Pontellas (O Porriño)

ANTECEDENTES DE FEITO:

Primeiro - Con data de entrada 27/09/2017, José Alonso Lorenzo, en condición de presidente da Comunidade de Montes Veciñais en Man Común da parroquia de Pontellas, pertencente ao Concello do Porriño, presenta unha solicitude de clasificación dos montes "Torreiro e outros", cun total de 6 parcelas, acompañada dun informe pericial.

O 21/11/2017 o Servizo de Montes indica á secretaria do Xurado de Montes Veciñais que a planimetría presentada é suficiente para a súa identificación e que non foron clasificados anteriormente. Tamén informa que algúns terreos solicitados afectan a parcelas catastrais de particulares e outras teñen ocupacións de particulares, que a propia Comunidade exclúe da solicitude. Sobre a parcela nº 4 (Lagoa ou Pereiro) informa que foi solicitada en parte pola Comunidade de Montes de Atios no seu deslinde, pero que non foi aceptada.

O Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común acordou, na súa sesión de 20/12/2017, incoar o correspondente expediente de clasificación dos montes "Torreiro e outros" solicitados pola Comunidade de Montes de Pontellas.

O 19/09/2018 o Servizo de Montes remite o informe preceptivo, no que indica que todas as parcelas teñen un aproveitamento comunal realizado pola Comunidade de Montes de Pontellas e que se dedican a aproveitamento forestal co tratamento de invasoras ou a uso social con instalacións como local social ou aparcamentos. Varias parcelas foron amolloadas pola Comunidade de Montes.

O 05/10/2018 emite certificado o Rexistro da Propiedade de Tui, na que se fai constar que non figura inscrita ningunha das parcelas coa descrición achegada.

Con data 26/12/2018 solicítase do Rexistrador da Propiedade de Tui inscrición preventiva das parcelas obxecto do expediente, cumpríndose o requirido con data 23/01/2019.

O Diario Oficial de Galicia de 26/01/2019 publica o anuncio do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra notificando o inicio da tramitación do expediente e abrindo un período dun mes para a práctica de alegacións.

Segundo - Durante o tramite de audiencia, o Concello do Porriño remite notificación de ter sido realizada a exposición pública do edicto de incoación do expediente de clasificación das devanditas parcelas, sen que se teña producido alegación algunha.

Terceiro - Xa rematado o prazo do trámite de audiencia, o 17/01/2020 presenta escrito a Comunidade de Montes de Atios, parroquia linceira de Pontellas, solicitando se exclúa da clasificación a parcela denominada "Lagoa ou Pereiro" por estar situada parcialmente na parroquia de Atios e porque xa no deslinde esta comunidade a reclamou como parte do seu monte veciñal clasificado. Acompaña a súa solicitude de informes periciais.

Cuarto- Á vista da documentación aportada pola Comunidade de Montes de Pontellas e o informe do Servizo de Montes, as parcelas obxecto do presente expediente teñen a seguinte descrición:

Concello: O Porriño
Parroquia: Pontellas.

1- Nome do monte: Torreiro.

Cabida: 3.998 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral parcela: 36039A018006240000DB.

Referencia catastral das construcións: 002502700NG26F0001OM.

Estremas:

Norte: estrada.

Sur: estrada e José Avendaño Vázquez.

Leste: José Avendaño Vázquez.

Oeste: estrada.

2- Nome do monte: San Campio.

Cabida: 11.897 m² (superficie alegada na solicitude).



Referencia catastral parcela: non figura representada no catastro de predios rústicos.

Estremas:

Norte: estrada.

Sur: estrada e Eugenio Pichel Domínguez.

Leste: estrada.

Oeste: Alda Alonso López, María Fernández Pérez, José Fernández Domínguez, María Fernández Pérez, María González Leiras, Esther González Bacelo, Josefa Maceira Maceira, María Fernández Pérez, Basilio Rodríguez Gómez, Carmen Fernández Maceira, Mari Luz Pereira Pereira, Carmen Domínguez Pérez, Ramón González Lago, Manuel Rodríguez Rodríguez, Manuel González Lago, Manuel González Leiras, Juan Carlos Pereira Ramilo e Porfirio Vázquez Alonso.

3- Nome do monte: A Louriña.

Cabida: 5.019 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral parcela: 36039A034005040000DJ.

Estremas:

Norte: terreo ocupado por José Iglesias Ruibal, María del Carmen González Alonso, Constantino Costas Cancelas, Manuel Calvar Fernández e Nemesio Porto Groba.

Sur: estrada do Porriño a Mosende.

Leste: José Manuel Iglesias Cancelas e terreo ocupado por José Iglesias Ruibal.

Oeste: María Rodríguez Piñeiro e Graciana Estévez Rodríguez.

4- Nome do monte: Lagoa.

Cabida: 71.917 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral parcela: 36039A018003730000DG e outras.

Estremas:

Norte: estrada e monte veciñal ocupado por Manuel Rodríguez Lago e descoñecido.

Sur: Amante Serodio Alonso, Obdulia Alonso Domínguez, Mercedes Caballero Castro, Sociedad Gallega de Rocas Ornamentales e Hidrospach.

Leste: monte veciñal ocupado por Manuel Rodríguez Lago e descoñecido e estrada do Porriño a Mosende.

Oeste: Novafriga, S.A., Carmen González Guisande, Inversiones Lagoa 2003 S.L., Marina Maceira Maceira, Maximino Fernández Vázquez, Jerónimo Bacelo González, Manuel Rodríguez Dávila, Donato Rodríguez Barreiro e Beatriz Ucha Alonso.

5- Nome do monte: Calvario.

Cabida: 5.051 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral parcela: 36039A018006210000DH e 36039A018006170000DU.

Estremas:

Norte: Esperanza Lorenzo Alonso, Severino Rodríguez Alonso, María Míguez Fernández, Edilberto Domínguez Lorenzo e Lino Silva Campo.

Sur: valado que separa de herdeiros de Miguel Pereira, estrada e Manuel Rodríguez González.

Leste: camiño.

Oeste: estrada e valado de terra que a separa de herdeiros de Miguel Pereira.

6- Nome do monte: A Abelenda.

Cabida: 5.594 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral parcela: 36039A013000720000DA.

Estremas:

Norte: estrada PO-331 e José Durán Vila.

Sur: estrada, camiño e Jaime Bugarín Alonso.
Leste: máis do monte veciñal ocupado por particulares.
Oeste: Marcos Durán Alonso e José Durán Vila.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro: O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común ten a competencia para coñecer os expedientes de clasificación dos montes que teñan tal carácter a tenor do establecido no artigo 9 da Lei 13/1989, do 10 de outubro, de montes veciñais en man común.

Segundo.- De conformidade có artigo 1 da Lei 13/1989 do 10 de outubro, de montes veciñais en man común, e no artigo 1 do Decreto 240/1992 do 4 de setembro compre entender por montes veciñais en man común “... os terreos radicados na Comunidade Autónoma de Galicia que con independencia da súa orixe, as súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria pertencen a agrupacións veciñais na súa calidade de grupos sociais e non como entidades administrativas, e os veñan aproveitando consuetudinariamente en réxime de comunidade, sen asignación de cotas, os membros daquelas na súa condición de veciños”.

Así, segundo abundosa xurisprudencia, o feito que xustifica a clasificación ou non como veciñal dun determinado monte, en vía administrativa, é a circunstancia de terse ou non demostrado o aproveitamento consuetudinario en man común, prescindindo das cuestións relativas á propiedade e demais dereitos reais.

A isto debe engadirse, como ben sinala para casos análogos o Xulgado Contencioso-Administrativo N°3 de Pontevedra, en sentenza de 29 de xuño de 2009:

“La función del Jurado Provincial es la de comprobar la existencia o no de un aprovechamiento consuetudinario comunal en los términos indicados en el artículo 1 de la Ley 13/89, lo cual excluye de su examen cuestiones de propiedad, reservadas a la jurisdicción ordinaria y que no obstan a la clasificación del MVMC.

Tampoco es obstáculo a tal fin que el monte figure incluido, a nombre de otras personas o entidades, en catálogos, inventarios o registros públicos, salvo que dicha inclusión sea consecuencia de una sentencia dictada en juicio declarativo (Stc. de TSX de Galicia de 8 de mayo 2008, donde se reproduce con claridad la doctrina del TS que define como única razón válida para la clasificación la constante posesión continuada del aprovechamiento de los montes por los vecinos de forma mancomunada, sin que frente a este estado posesorio de los aprovechamientos del monte, no necesariamente forestales, puedan prevalecer los actos de disposición de los mismos siquiera hayan tenido acceso al Registro de la Propiedad...”

Sobre os tipos de aproveitamento, estes ha de entenderse en sentido amplo no referido aos usos posibles, que poden ser variados e distintos en cada momento e parcela. A xurisprudencia establecida así o aclara. O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a través da Sala do Contencioso-Administrativo, en sentenza n° 1239/2002 establece que

“...a Ley 13/89 di que os montes veciñais sono con independencia das súas posibilidades produtivas, o seu aproveitamento actual e a súa vocación agraria. Por iso o feito de que o uso



actual principal da parcela litixiosa non sexa agrícola, forestal ou gandeiro, senón recreativo, non é obstáculo para a súa clasificación como monte veciñal...

E a doutrina emanada da Tribunal Supremo, a través da súa Sala Contencioso-Administrativa, é clara cando xa en sentenza do 22 de febreiro de 1988 establece que *"...la Abogacía del Estado presenta, como primera causa de oposición, la de aplicar el concepto de monte a los terrenos que se reclaman como vecinales; cuestión esta que no puede resolverse ante los conceptos que se explican en las disposiciones legales, por cuanto se observa que tanto la Ley de Montes como su Reglamento, o las Leyes de Montes Vecinales en Mano Común de 1968 o la vigente de 1980 atienden en sentido primordial al aprovechamiento forestal, respondiendo a una política aneja de protección del monte y al cultivador desde el punto de vista de la repoblación forestal, criterio este que, en relación al ámbito específico del monte vecinal en mano común, característico de Galicia, fue superado por la Jurisprudencia en atención a sus características consuetudinarias, en el sentido de estimar que el monte no sólo podía tener una finalidad forestal..., deduciéndose de ello que ese criterio jurisprudencial ha sido aplicado por los Jurados Provinciales con un sentido amplio, atendiendo a la explotación y el aprovechamiento por el común de los vecinos e interpretando la Ley conforme indica el Código Civil en su artículo 3º, en atención a las circunstancias de tiempo y lugar."*

Terceiro.- Sobre o uso actual, a Comunidade de Montes de Pontellas ten presentado un informe pericial cun reportaxe fotográfico no que se aprecia que algunhas parcelas teñen uso forestal e outras uso social, cultural ou de lecer: local social, aparcadoiros, etc. Nas zonas de uso forestal lindeiras con propiedades particulares a Comunidade de Montes ten colocado marcos de deslindamento. Tanto a construción dos equipamentos como a derrega dos marcos foi realizada pola comunidade de montes, que tamén realiza o mantemento actual dos mesmos. O informe preceptivo do Servizo de montes ratifica esta situación cando establece que a parcela Torreiro ten *"...uso social polos veciños da parroquia, a construción das instalacións presentes na parcela e o mantemento é executado pola Comunidade de Montes de Pontellas...; na parcela San Campio observa que "...a CM de Pontellas eliminou o arborado, tratou a acacia e acondicionou o terreo. Dado que a parcela está situada fronte á igrexa parroquial, empregouse como aparcamento para uso veciñal... está sinalizado como propiedade da CM e amolloado por eles."*; sobre a parcela A Louriña o Servizo de Montes informa que ten *"Uso forestal, o mantemento e limpeza da parcela está sendo realizado pola CMVMC de Pontellas"*; no tocante á parcela Lagoa establece que ten *"Uso forestal, a Comunidade de Montes ten realizado o mantemento da parcela, a roza do mato e o aclareo das masas. Está sinalizado como propiedade da CMVMC de Pontellas e amolloado por eles..."*; no referido á parcela Calvario, informa que ten *"uso forestal, a Comunidade de Montes ten realizado o mantemento da parcela, a roza do mato... está amolloado pola CMVMC de Pontellas"*; e finalmente sobre a parcela A Abelenda o Servizo de Montes informa que ten *"uso forestal, a Comunidade de Montes ten realizado o mantemento da parcela consistente na roza do mato... Está amolloado pola CMVMC de Pontellas"*.

Sen embargo, na parcela denominada Lagoa, non está acreditado un uso exclusivo por parte da Comunidade de Montes de Pontellas. Este uso queda claramente acreditado nas zonas sur e oeste, onde se concentran os traballos silvícolas e a Comunidade de Pontellas realizou a colocación de marcos nos lindes coas parcelas particulares, pero non o está nas zonas norte e leste, que coinciden co suposto linde coa Comunidades de Montes de Atios e que xa no pasado foi obxecto de controversia. Inda que o suposto linde parroquial que presenta esta comunidade non condiciona os criterios da clasificación, non queda acreditado na documentación do expediente se os veciños que aproveitan as zonas que quedan libres das ocupacións pertencen a unha ou outra comunidade.

O Concello do Porriño non presentou alegacións á clasificación das parcelas, o que supón implicitamente o recoñecemento por parte do Concello do carácter veciñal dos terreos obxecto do expediente.

Polo exposto, dedúcese que nos terreos que se pretenden clasificar existe unha utilización periódica veciñal nos termos aplicables do artigo 1 da Lei 13/89 por parte da Comunidade de Montes de Pontellas, agás na parcela denominada Lagoa.

E vista a Lei galega 13/1989, do 10 de outubro, de Montes Veciñais en Man Común e o seu Regulamento, aprobado por Decreto 260/1992, do 4 de setembro, e demais preceptos legais e regulamentarios de xenérica e específica aplicación, o Xurado acorda por unanimidade:

CLASIFICAR como veciñais en man común as parcelas denominadas **Torreiro, San Campio, A Louriña, Calvario e A Abelenda** a prol da Comunidade de Montes de Pontellas, concello do Porriño, e **NON CLASIFICAR** como veciñais en man común a parcela denominada **Lagoa**, ao non reunir os requisitos esixidos no artigo 1 da Lei 13/1989.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso de reposición con carácter potestativo perante o Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra no prazo dun mes, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da presente notificación, de acordo co disposto no artigo 123 e 124 Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das Administracións e nos artigos 8 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Five handwritten signatures in blue ink are visible below the stamp. The signatures are stylized and vary in complexity, with some appearing to be initials or full names written quickly.

267



Calvario
5.051 m²

Torreiro
3.998 m²

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO DE TERRA
Comunidade de montes de Parrochias O Porriño
Clasificación do monte Torreiro e Calvario
Plano 1 de 4
Escala: 1:1.500 (etrs. 697) Marzo 2020

529500

529350

529200

529050

529500

529350

529200

529050

4665300

4665150

4665000

4665300

4665150

4665000

268



San Campio
11.897 m²

Ermida de S. Campio

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO DE PONTA VEIGA

Comunidade de montes de Pontellas, O Porriño

Clasificación do monte S. Campio

Plano 2 de 4 Escala: 1:2.000 (etrs-89) 17 de Marzo de 2020

269



A Louriña
5.019 m²

A Louriña

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Comunidade de montes de Pontalva e Louriña

Clasificación do monte A Louriña

Plano 3 de 4
Escala: 1:1.000 (ets-88)
PONTA - 2018



528800

528700

528600

528500

528800

528700

528600

528500

4664400

4664300

4664200


4664400

4664300

4664200

CT- 20m3x

270



A Abelenda
5.594 m²

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL
SERVIZO DE MONTES DO DEPARTAMENTO T. PONTEVEDRA

Comunidade de montes de Pontellas O Pazo

Clasificación do monte A Abelenda

Plano 4 de 4

Escala: 1:1.000 (etrs 89/01)

5280062 do Medio Rural

CT: 20m3v



Jose Alberto Cousido Fernández, secretario do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra.

CERTIFICO:

Que na reunión celebrada por este Xurado Provincial o día 28 de febreiro de 2024, deuse conta no punto 15º - 4 da orde do día, da seguinte sentenza:

Sentenza nº 6/2024 do 10 de xaneiro de 2024, ditada polo Xulgado do Contencioso – Administrativo núm. 1 de Pontevedra no Procedemento Ordinario 357/2021, interposto por Sociedad Gallega de Rocas Ornamentales SL, Novafrigsa SA e Lear Corporation Spain Pontevedra SL, contra o Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra) e como parte codemandada a Comunidade de Montes Veciñais en man común de Pontellas (O Porriño).

A sentenza estima a demanda de xuízo ordinario interposta polas entidades mercantís na que de dita o seguinte Fallo:

<1º.- Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto por las entidades mercantís "Sociedad Gallega de Rocas Ornamentales SL", "Novafrigsa SA" e "Lear Corporation Spain Pontevedra SLU" fronte ao acordo do 21 de xullo de 2021 do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra (Xunta de Galicia), que estimou o recurso de reposición presentado pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pontellas formulado contra o acordo do 27 de febreiro de 2020, no sentido de clasificar como veciñal en man común o ámbito 4 "Lagoa" no término municipal do Porriño.

2º.- Anular o acordo impugnado, revogándoo e deixándoo sen efecto.

3º.- Condenar aos codemandados ao pago das costas do proceso, a repartir entre elas por metades e iguais partes, co límite máximo de honorarios de avogado sinalado no último fundamento.>

Esta sentenza deveu firme mediante dilixencia de ordenación do Letrado da Administración de Xustiza de data seis de febreiro de dous mil vinte e catro.

Expídese a presente certificación para que conste aos efectos oportunos.

Vº e prace

Antonio Crespo Iglesias

Presidente do Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais
sinatura electrónica





NOTIFICACIÓN DO ACORDO DE CLASIFICACIÓN DE MONTES PARA A SÚA INSCRICIÓN NO REXISTRO DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.

O Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais en Man Común de Pontevedra, na sesión celebrada o día 27 de febreiro de 2020, acordou clasificar como veciñais en man común os montes denominados "Torreiro, San Campio, A Louriña, Calvario e A Abelenda" e non clasificar o monte "Lagoa" favor da Comunidade de Montes Veciñais en Man común de Pontellas, parroquia de Pontellas, do Concello do Porriño.

En sesión celebrada o 21 de xullo de 2021, este Xurado, acorda admitir a trámite o recurso de reposición interposto por Francisco Javier Pereira Pereira, na súa condición de representante da CMVMC de Pontellas, e acorda clasificar como monte veciñal en man común o monte "Lagoa".

Contra a estimación do recurso da CMVMC de Pontellas, interpoñen recurso contencioso administrativo Sociedad Gallega de Rocas Ornamentales SL, Novafrigsa SA e Lear Corporation Spain Pontevedra SL.

O 10 de xaneiro de 2024 o Xulgado do Contencioso – Administrativo núm. 1 de Pontevedra, dita a Sentenza 6/2024, recaída no procedemento ordinario 357/2021 contra o Xurado Provincial de Clasificación de montes veciñais en man común de Pontevedra) e como parte codemandada a Comunidade de Montes Veciñais en man común de Pontellas (O Porriño).

A sentenza estima a demanda de xuízo ordinario interposta polas precitadas entidades mercantís nos seguintes termos:

<1º.- Estimar o recurso contencioso-administrativo interposto por las entidades mercantís "Sociedad Gallega de Rocas Ornamentales SL", "Novafrigsa SA" e "Lear Corporation Spain Pontevedra SLU" fronte ao acordo do 21 de xullo de 2021 do Xurado Provincial de Clasificación de Montes Veciñais de Pontevedra (Xunta de Galicia), que estimou o recurso de reposición presentado pola Comunidade de Montes Veciñais en Man Común de Pontellas formulado contra o acordo do 27 de febreiro de 2020, no sentido de clasificar como veciñal en man común o ámbito 4 "Lagoa" no término municipal do Porriño.

2º.- Anular o acordo impugnado, revogándoo e deixándoo sen efecto.>

Esta sentenza deveu firme mediante dilixencia de ordenación do Letrado da Administración de Xustiza de data 6 de febreiro de 2024.



Na reunión celebrada o 28 de febreiro de 2024 o secretario do Xurado de Montes deu conta no punto 15º.4 da orde do día, e o Xurado acorda dar cumprimento as declaracións contidas no fallo.

De conformidade cos artigos 29, 55 e 56 do Decreto 260/1992, do 4 de setembro, polo que se aproba o Regulamento de Montes Veciñais en Man Común, pola presente, acordo a inscrición dos montes denominados **Torreiro, San Campio, A Louriña, Calvario e A Abelenda** a favor dos veciños da CMVMC de Pontellas, do Concello do Porriño, na Sección do Rexistro de Montes Veciñais en Man Común desta Xefatura Territorial, coa cabida e extremas seguintes:

Concello: O Porriño

Parroquia: Pontellas

1– Nome do monte: **Torreiro**.

Cabida: 3.998 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral parcela: 36039A018006240000DB.

Referencia catastral das construcións: 002502700NG26F0001OM.

Extremas:

Norte: estrada.

Sur: estrada e José Avendaño Vázquez.

Leste: José Avendaño Vázquez.

Oeste: estrada.

2– Nome do monte: **San Campio**.

Cabida: 11.897 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral parcela: non figura representada no catastro de predios rústicos.

Extremas:

Norte: estrada.

Sur: estrada e Eugenio Pichel Domínguez.

Leste: estrada.

Oeste: Alda Alonso López, María Fernández Pérez, José Fernández Domínguez, María Fernández Pérez, María González Leiras, Esther González Baceiro, Josefa Maceira Maceira, María Fernández Pérez, Basilio Rodríguez Gómez, Carmen Fernández Maceira, Mari Luz Pereira Pereira, Carmen Domínguez Pérez, Ramón González Lago, Manuel Rodríguez Rodríguez, Manuel González Lago, Manuel González Leiras, Juan Carlos Pereira Ramilo e Porfirio Vázquez Alonso.



3– Nome do monte: **A Louriña.**

Cabida: 5.019 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral parcela: 36039A034005040000DJ.

Estremas:

Norte: terreo ocupado por José Iglesias Ruibal, María del Carmen González Alonso, Constantino Costas Cancelas, Manuel Calvar Fernández e Nemesio Porto Groba.

Sur: estrada do Porriño a Mosende.

Leste: José Manuel Iglesias Cancelas e terreo ocupado por José Iglesias Ruibal.

Oeste: María Rodríguez Piñeiro e Graciana Estévez Rodríguez.

4– Nome do monte: **Calvario.**

Cabida: 5.051 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral parcela: 36039A018006210000DH e 36039A018006170000DU.

Estremas:

Norte: Esperanza Lorenzo Alonso, Severino Rodríguez Alonso, María Míguez Fernández, Edilberto Domínguez Lorenzo e Lino Silva Campo.

Sur: valado que separa de herdeiros de Miguel Pereira, estrada e Manuel Rodríguez González.

Leste: camiño.

Oeste: estrada e valado de terra que a separa de herdeiros de Miguel Pereira.

5– Nome do monte: **A Abelenda.**

Cabida: 5.594 m² (superficie alegada na solicitude).

Referencia catastral parcela: 36039A013000720000DA.

Estremas:

Norte: estrada PO-331 e José Durán Vila.

Sur: estrada, camiño e Jaime Bugarín Alonso.

Leste: máis do monte veciñal ocupado por particulares.

Oeste: Marcos Durán Alonso e José Durán Vila.

O Presidente do Xurado Provincial de clasificación de montes veciñais

Antonio Crespo Iglesias

sinatura electrónica

REXISTRO DE MONTES VECIÑAIS EN MAN COMÚN.-Departamento Territorial do Medio Rural.- Pontevedra

